

Editorial

Consello de redacción: Luz Cao, Elsa Lamas, Teresa Cámara, Marisa Andrade, Carme Rodríguez

Portada: Iria Fernández

Contraportada: Zaira Barcia, Patricia Fernández

Ilustracións: Alexandre Barja, Adrián Blanco, Paula Dafonte, Rubén Domínguez, Javi Jardón, Fran Prol, Zaira Barcia

Este ano, como non podía ser doutro xeito, o noso *Besbello* fíxose voluntario.

E aí o tedes na portada recollendo chapapote como tantos e tantas de nós de dentro e de fóra de Galicia. Os acontecementos vividos nesta xeira fixeron que esta revista escolar sexa este ano case un monográfico.

Cando a realidade se impón con tanta crueza, non hai lugar para a fantasía.

En todo caso a nosa revista é o que os nosos alumnos quixeron que fose. Queremos render unha homenaxe desde aquí aos nosos mariñeiros e mariscadoras das Rías Baixas que saíron ao mar, cos seus barcos e co escaso material que tiñan, sen pensalo dúas veces, para salvar a riqueza das nosas rías. O seu foi un exemplo de dignidade que nos conmoveu a tod@s e nos encheu de orgullo. Gracias.

O pesadelo dos galegos

"Había unha vez un barquiño pequeniño, había unha vez un barquiño pequeniño, que non podía, que non podía navegar, pasaron unha, dúas, tres, catro, cinco, seis semanas, pasaron unha, dúas, tres, catro, cinco, seis semanas e aquel barquiño e aquel barquiño afundiou".

¿Cambiarán agora a canción tan famosa entre os/as rapaces/as por unha nova versión coma esta?

Dende logo marcados quedamos e quedaremos polo resto das nosas vidas ó igual que marcadas quedaron as nosas costas e quedarán durante moito, moito tempo.

Dende que o trece de Novembro o Prestige apareceu cerca do noso litoral os galegos temos un nó no estómago un nó moi grande de impotencia, e máis dende que comezou a verte-lo fuel-oil xa que dende ese momento o dano xa estaba feito e era irremediable que o petróleo chegase a terra ¿seguro? ¿é certo isto? ¿era irremediable?,

expertos opinan que sí, que o goberno actuou correctamente, ie a min qué carallo me importan os expertos! -estarás a pensar- os expertos tamén dixeron que o barco non soltaría máis merda dende o fondo do mar, que o petróleo se solidificaría e xa vexo, xa, como se solidificou; o que se fixo foi aínda máis denso ó contacto coa auga.

Ademais de manchar as nosas costas mataron a moitos animais que non tiñan culpa de nada. Se queremos buscar un culpable é moi doado atopalo, teralo diante túa, cada persoa que te cruces pola rúa cada persoa que te rodea cada unha delas será culpable de pertencer á raza humana e de querer procurar cada vez máis adiantos para o seu beneficio, evolución chamámoslle, pensarás que é unha forma demasiado tola e bruta de culpar alguén xa que quizais nós non temos poder sobre isto pero sei que me entendes e ben certo é que non pensamos nos inconvenientes que poden ter inventos ou descubrimentos como o gasóleo ou a gasolina. Nós chegamos á gasolineeira e pedimos: poñame vinte euros ¿e para qué? Para que o noso vehículo circule contaminando todo o medio ambiente e non paramos a pensar en que o petróleo é un recurso natural que se está a esgotar e nos riscos que corren ó transportalo; en resumo que somos uns egoístas ó pensar soamente na nosa comodidade co que estamos a destruí-lo mundo.

A catástrofe do Prestige, frase que se emprega moito nos medios de comunicación últimamente, só é un exemplo do que conseguimos día a día gracias ós nosos preciaados avances.

Respecto á tan mencionada Galicia últimamente tamén na televisión ¿qué podo dicir? é a nosa terra, e manchada ou non manchada, loitaremos por ela ó igual que pola nosa lingua, polo tanto teño que dicir que é Muxía e non Mucsía e que non somos terceiromundistas como se está a pensar no resto de España e sobre todo Europa, senón que a xente que perdeu o seu medio de traballo precisa recuperalo e non xoguetes de reis para os seus fillos.

Sei que aínda desta catástrofe o ser humano non escarmentou e aínda que me pesa dicilo sei que esta non será a última vez que ocorra algo semellante.

Zaira Barcia Boullosa-1

Bacharelato-C

POLA BOCA MORRE O PEIXE

A catástrofe do "Prestige" deixou en evidencia ó Goberno español, que ó longo da crise deixou ver unha grande falta de reflexos para xustificar os erros que se ían cometendo ó intentar minimizar a catástrofe. Estas son algunhas das xoias expresadas polos seus autores:

- " *O risco de que a marea negra alcanzase a costa non é moi alto*" (Enrique López Veiga, conselleiro de Pesca, 15-11-2002).
- " *Non temos unha catástrofe ecolóxica nin prevemos grandes problemas para os recursos pesqueiros*" (Miguel Arias Cañete, ministro de Agricultura, 16-11-2002).
- " *Todo o fuel que tiña que chegar xa chegou*" " *Se chegamos a traer o barco a porto (a un porto galego) sería a apocalipse*" (Enrique López Veiga, conselleiro de Pesca, 18-11-2002).
- " *Non hai marea negra, senón un vertido que afecta de forma desigual a zonas da costa*" (Miguel Arias Cañete, ministro de Agricultura, 16-11-2002).
- " *A decisión foi positiva porque o buque está a 270km das Illas Cíes nunha situación que pode facer moito menos dano que se o trouxeramos a porto. Creo que non existe risco nin nas Illas Cíes nin en Corrubedo*" (Mariano Rajoy, ministro de Presidencia, 19-11-2002).
- " *Todo apunta a que o combustible vaise solidificar e non vai haber ningún vertido máis*" (Mariano Rajoy, ministro de Presidencia, 21-11-2002).
- " *Son uns pequenos fiíños, catro regueiros que se solidificaron con aspecto de plastilina en estiramento vertical*" (Mariano Rajoy, ministro de Presidencia, 5-12-2002).

Como estes, moitos comentarios máis que se dixeron ó longo da catástrofe.

ALBA FERNÁNDEZ ARCOS, 2º ESO A.

ACTITUDE DO GOBERNO

Eu creo que a actitude do *Goberno* respecto do "Prestige" foi tarde, mal e arrastro. Primeiro o *Goberno* falaba como se a situación estivese controlada, pero despois deuse de conta de que a situación se lle escapou un pouco das mans.

Eu non son unha entendida en política nin moito menos, pero vou a criticar ó señor Aznar, baseándome sobre todo no que escoitei na tele e o que lin nos xornais..

- Dixo que non viu a Galicia porque el non viña a facerse fotos e quedar ben coa xente, que viña a aportar solucións.
- Non aportou ningunha solución.
- Non quería admitir a verdade de que actuou mal e que Zapatero tiña a razón.
- Enviou a Armada española un mes despois de que pasara a catástrofe.
- Non lle deu ánimos á xente de Galicia nin se acordou dela para nada cando o necesitaban.

Estas son as causas polas que me pareceu mala, en xeral, a actitude do *Goberno*.

E doulle a razón á xente cando se manifestan cantando:

iii O do bigote que limpe o chapapote!!!

SILVIA GARCÍA VILAS, 2º ESO A.

OPINIÓNS

Eu creo que, respecto ós petroleiros que navegan constantemente cerca da costa galega, para que non haxa tantas catástrofes, poderían poñerlle a ruta polo medio do océano e non deixar pasar os barcos vellos.

Por outra parte paréceme insultante que un país como España rodeado de costa, non dispoña de medios para arranxar os derrames de fuel: remolcadores potentes, barcos para aspirar, material de limpeza, ...e que a xente teña que fabricar os seus propios.

Tamén creo que foi unha barbaridade alonxar o "Prestige" todo o posible co temporal que había, e enriba cara ó sur, contra a corrente. ¿Por qué non extraeron o fuel?. Total, se ían cara ó sur chegaría de todas formas. Isto fai que a maioría da xente poña en dúbida ó goberno.

ANTÍA BRAVO RUÍZ. 2º ESO A.

...esta catástrofe paréceme unha das máis grandes... afectou a unhas costas maravillosas e moi ricas en pesca e marisco ... manchou de chapapote os nosos corazóns que sempre recordarán con animosidade como eran de fermosas antes de que esa NEGRA SOMBRA nos cubrise.

ADRIÁN CID MENÉNDEZ. 2º ESO E.

... agardo que NUNCA MÁIS se volva repetir isto, ... cando sexa maior pódeme afectar outro desastre como este, por iso espero cando cando teña idade de votar poder escoller un bo partido político.

ALBERTO SOUSA CABEZAS. 2º ESO F.

...non sei como na época na que vivimos poden ocorrer catástrofes como esta e como non hai medios para evitalas ou para solucionarlas. Para min a culpa tena o goberno por non actuar ó debido tempo e por tomar malas decisións...

IAGO IGLESIAS MOSQUERA. 2º ESO F

...estou bastante enfadada con este asunto. A verdade é que poderían, os políticos en xeral, ocuparse un pouco máis do tema e evitar perder o tempo con "problemas superfluos". ¡É que non se entende que isto afecta a TODO?.

CAROLINA GARCÍA CALVO. 2º ESO E.

...para todos os galegos será un duro combate recuperar o perdido, tanto no ecolóxico como no económico...

CLARA BUENO VIÑAS. 2º ESO A

... Eu penso que co do "Prestige" coñecemos máis ós políticos e así recapacitaremos antes de votar. Tamén sabemos que nós non estamos preparados para estes acontecementos e que hai que mellorar, que temos que ter medios suficientes ...

VANESA CONDE COSTAS. 2º ESO A.

...penso que isto non debería suceder nin agora nin nunca, nin aquí, nin alí. Ó fin e ó cabo todo isto é culpa do ser humano. Pero hai moitas preguntas que quedan na miña mente:

¿Como os homes podemos chegar a mlatratar desta forma ó noso planeta?.

¿Que pasará con toda a fauna e a flora destes lugares contaminados?.

¿Chegaremos algún día a ver as praias como estaban antes?.

¿Qué pasa co noso negro recordo? Nunca se irá da nosa memoria...

RAQUEL LÓPEZ FILGUEIRA. 2º ESO A.

... Se isto xa pasou máis veces, ¿por qué non estabamos preparados?.

ESTEBAN IÑARREA TRESANDI. 2º ESO E.

...Pero, sobre todo, os afectados son os que viven do mar: mariñeiros, mariscadores ... e, como non, as súas familias.

Eu tamén son afectado e pídolle ó señor presidente: menos armas, menos tanques de guerra, menos lamentacións, menos historias e máis buques anticontaminación, que é o que fai falla, porque agora os galegos temos pena, medo e rabia.

AGUSTÍN CASADO GÓMEZ, 2º ESO A

OS VOLUNTARIOS

Hai varios tipos de voluntarios aínda que algunha xente pense que os únicos son os do uniforme branquinegro que están nas praias, queda moita xente traballadora que fai, tamén, unhas tarefas imprescindibles. Estas son, por exemplo, as chamadas "Mans Limpas".

Fan as tarefas de colaborar cos voluntarios das praias: axudándolles a sacar o traxe, dándolles de beber cando o precisan, limpándolles a cara cando se manchan, etc. ...

... Outros tamén moi importantes son os voluntarios que dan de comer, cear, merendar, ... ós voluntarios que traballan nas praias. Estas persoas, despois de facer a comida nas súas casas, marchan ás carpas postas para os traballadores, e algúns traen comida da súa casa, póñense a preparar quilos e quilos de alimento para os quitadores de chapapote.

Faltan, non menos importantes, os coordinadores, os que limpan na mar, os que dan cartos, etc...

Só me queda dicir

iiiGRACIAS!!!

YAIZA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ. 2º ESO A

¿Prestige ou desPrestige?

¿ Accidente? ¿ Un erro mecánico? Todas estas preguntas rondan arredor do afundimento do Prestige.

Todo comezou un día que ten sona de dar mala sorte, e esta vez non fallou, o trece de novembro comezou o terrible manto negro que cobre as nosas prezadas praias, costas, todo, non perdoou nada. Ninguén puido parar a traxedia que se nos aveciñaba. A pregunta máis importante, ¿ por que lle deron tantas voltas para remolcar o Prestige? Eu creo que nese barco alguén perdía máis que un par de quilómetros de costa, senón tamén o seu prestixio no mundo.

Pode ser que o mar, o noso mar, busque vinganza dunha forma tan ruín como é matando todo no que nel vive e que nós comemos. Manchou as praias que tanto diñeiro dan no verán. ¿ Vínbase por tratalo tan mal? ¿ Por dividilo sen que el teña voz nin voto? Ao final todo o que aconteceu na Terra, e o que a fixo habitable, foi a aparición da auga.

O que sigo sen comprender é por qué tomaron a decisión de alonxalo da costa cando o seu corazón de ferro, ferido profundamente, sangraba sen parar. ¿ Quen tomou esa decisión? Moi listo non é, ou nunca na súa vida puxo un pé no mar. Ao mar non se lle poden impor leis, non se lle pode pedir que cambie as súas correntes para favorecer a seres tan ingratos coma nós ou peor aínda, coma os políticos, que nese momento están nun coto de caza ou nunha presentación dun libro, tiñan que estar a carón do seu pobo, padecendo co seu pobo, non por aí de esmorga.

¿ Por que as medidas que tomaron agora non as tomaron antes? Tiveron que ocorrer tres desastres , o do Casón, o do Mar Exeo e o do Prestige para que se tomen medidas. ¿ Durante canto tempo se cumprirán esas medidas de seguridade? ¿ Quen será o primero en pasalas por onde eu sei?

O que me repatea é a imaxe que dan os medios de comunicación d@s galeg@s, como se agora entrásemos no saco dos países terceiromundistas que necesitan caridade para mercar uns regalos a uns fillos que ven o desánimo dos seus pais, a tristeza de terra, o seu pranto, a morriña por vela coma antes.

Esta longa tortura parece non ter fin, o único que fai o goberno é dicir que " todo va bien" o " tenemos todo bajo control", cando aquí hai

xente sen escrúpulos contratando xente para limpar as praias cando se lles nega a mans amigas e voluntarias vir. Hai guerras campais entre os voluntarios que veñen porque senten a necesidade de axudar e os que van por diñeiro, que discriminan aos que de verdade teñen a nosa infinita gratitude.

Gustaríame corrixir algo que din os reporteiros, non é " Gracias aos voluntarios por axudar ao exército" senón " Gracias ao exército por axudar aos voluntarios coas súas máquinas".

Todos, aquí e acolá do mundo, unidos e de acordo. Todos berrando ao son do romper das ondas unhas palabras cheas de esperanza, de bos desexos para o futuro, todos unidos e berrando máis aló de mil mares e montañas

Nunca Máis.

A mocidade de hoxe en día é rebelde pero non quere dicir que sexamos insensibles fronte este ataque, fronte este desembarco do chapapote vencéndonos a batalla, pero non a guerra. Non nos daremos por vencidos por moi duro que sexa todo. O principal é loitar unidos sen importar a nacionalidade. Uns axudan limpando, outros alimentando a eses anxos brancos sen ás, outros mediante textos coma este, pero o principal é non calar e tragar con todo, xa non podemos calar máis, hai que demostrar que sentimos e pensamos por nós mesmos, que non todo está en mans deses politicuchos sen seseira, e presidentes asasinados come George Bush.

Só pido un gran favor, non caledes, alzade as vosas voces alén dos ceos e decide moi claro,

Negra Sombra Nunca Máis.

Patricia Fernández Pousada

1º Bachelato C

Corazóns Escuros

Aínda que con só dazaoito anos, o meu corazón reséntese e escurece á vez que o invade a nostalxia ao pensar a gran importancia que o mar ten e tivo sobre a miña vida, aínda que tarde me decatase.

Aínda recordo a primeira noticia, non lle fixera moito caso, pensaba que tan só era outra das perdas económicas dalgún empresario ao que lle saíu mal a xogada e derramara unha morea de cartos nas nosas costas, ou unha forma de darlle máis audiencia aos medios de comunicación esaxerando un sinxelo accidente; e caín fondo na miña propia ignorancia.

Pero logo chegou a desgracia e con ela a razón, decateime tarde do que estaba a pasar, coma un cancro o manto negro cubría a triste paixase, e de dor e impotencia os corazóns dos mariñeiros e galegos que coma min vían impotentes como a negra sombra devoraba despiadada os escenarios dos momentos máis inesquecibles da miña vida; dende Fisterra pasando pola illa da Toxa, Cambados e o dourado Corrubedo, que agora tornara a gris, e dende as praias de Sanxenxo, ou a inolvidable Cangas onde tan feliz fun nos veráns; sentínome alporizado de cómo podía estar a pasar aquilo, e coa alma en vilo rezando para que non chegara a Cies, o lugar que sen dúbida persoalmente ten máis significado e recordos inesquecibles para min.

A parte política quizais foi a que menos me alarmou, probablemente porque a idea de que hoxe en día haxa aínda "caciques" no século XXI non me estraña, e o noso goberno deixou claro qué clase de persoas manipulan a nosa terra.

Cando a treboada de escándalos e decepcións cesou, quizais foi o momento no que decidín velo cos meus propios ollos coma se dun morbo se tratase e tiven a necesidade de ir a un daqueles fermosos escenarios, unha daquelas praias onde a dourada area se transformara en viscoso chapapote que tinguía de negro a bela estampa. Curiosamente cando cheguei nada cambiara, ou quizais o único que cambiara eran as numerosas embarcacións que saíran ao mar a loitar contra a famosa marea negra. Mentres contemplaba aquilo por fín sentín de verdade algo que nunca antes sentira, un sentimento cara todas as persoas que igual ca min a negra sombra lle terá escurecido os seus corazóns e recordos, e de todos aqueles desafortunados que xa nin sequera poderán vivir e disfrutar igual que antes ata dentro de moito tempo a nosa terra de inconfundible beleza, Galiza, e a súa maior riqueza o mar.

Xa hai máis de dous meses que o Prestige naufragou nas nosas costas e agora todo o chapapote está vertido polas nosas praias

Este mércores foi un día especial. O martes durmíra con ganas de espertar axiña pola mañá, pero non para ir ao colexio senón para marchar de excursión, pero non unha excursión calquera, como as de sempre, non me refiro a que a paisaxe fose nova ou a que fomos a un lugar fóra de Galicia, refírome ao sentido da excursión.

Consistía en reunirnos todos os colexios e institutos de Galicia por Muxía, Laxe... para facer unha cadea humana e protestar ou dunha maneira dicir que aínda que somos xoves non quere dicir que non esteamos de acordo, aínda que non poidamos limpar, queremos dicir **¡NUNCA MÁIS!**.

Ao chegar tivemos que percorrer uns metros ata chegar á praia, e ao chegar... ¡¡¡Que de xente!!! Esa foi a miña impresión. Tod@s agarrad@s das mans, xuntos por unha mesma causa e pensamento.

Tamén había xente recollendo chapapote, voluntarios e xente do exército. Despois quedamos dúas horas perto do mar, vendo ese mar tan precioso e respirando o aire fresco que batía nas nosas caras. ¡¡¡Paseino xenial!!! Para voltar, tivemos que pasar polas dunas e saltar numerosos charcos cheos de barro e auga pero todo paga a pena se se fai por algo no que cres e queres.

A viaxe de volta fíxose un pouco longa pero cos amigos estivo máis divertida. En definitiva, este día non o olvidarei xa que recordo moi ben a miña impresión ao ver aquela paisaxe, aquel mar escuro e aquela area negra. Recordándoo danme ganas de chorar.

Estela Besada

3ºESO B

A solidariedade

Xoán é un galego que viviu de cerca os sucesos producidos pola catástrofe ecolóxica do "Prestige". Deixou dun lado o seu tempo de lecer e de ver na televisión as noticias sobre a catástrofe só para conserva-la identidade e o prestixio da súa terra, tal e como fixeron outras moitas persoas. Esta é a súa opinión sobre o ocorrido:

Para Xoán, o afundimento do "Prestige" fronte ás costas galegas abriu unha brecha entre os cidadáns e o Estado. O noso amigo ollaba moi apenado para o fuel que chegaba de forma incesante ó litoral que nun tempo pasado fora lugar de xogos e falcatruadas. Xoán non podía asumi-las mentiras que o Goberno dicía sobre a catástrofe e, como para tódolos galegos e demais españois, sentiu como este novo desastre marítimo abriu un antes e un despois nas nosas vidas. Ademais, Xoán deuse conta de que o poder político non contribuía á

aos labores de defensa contra o fuel, senón que só a determinación dos mariñeiros e a axuda de milleiros de cidadáns de toda España puideron contrarrestar o sentimento de desamparo. Xoán comprendeu que a súa aportación foi o mellor que se fixo por Galicia nun fin de ano desventurado.

Ante a ollada de Xoán apareceu unha marea branca de mans que ofrecían a súa axuda. El non coñecía os nomes desas persoas nin sequera onde vivían. Pero deuse de conta de que esa morea de persoas sacrificaran as súas vacacións e a celebración das festas para enarbolar unha grande bandeira que, polo que o noso amigo pensaba, non pertencía a ningún país nin a ningunha comunidade autónoma. Eles deron un paso ó fronte e formaron o seu propio exército. Oíron unha voz que os reclamaba e propuxéronse invadir un territorio. O seu inimigo era a angustia, o desasosiego e a ineptitude. Ante iso empregaron as mellores armas, aquelas que o corazón e a alma ensinan a utilizar sen instrucións nin manuais e que poden vencer a calquera exército: a fortaleza, o empuxe, e a sinceridade. Para Xoán aqueles foron os días máis duros da súa vida, loitouse cóbado con cóbado, pero chegou o momento de retirarse e Xoán puido comprobar como eses milleiros de mans deixaron en Galicia unha bandeira que ondea firme e que se divisa dende calquera lugar do mundo. Non tiña cores, non rememoraba epopeas, só representaba o sentimento dun grupo de grandes valentes e nela pódese ler "*solidariedade*". Despois de todo o acontecido e por primeira vez na súa vida, Xoán comprendeu o verdadeiro significado desa palabra que para nós é fácil de pronunciar, pero que para algúns é máis que iso: un esforzo e unha vontade cara ós demais, sen ter en conta a propia satisfacción. Esa é a verdadeira "*solidariedade*".

RECORDOS

Afundíuse o petroleiro *Prestige*, todo o mar se encheu de chapapote. As pedras e as praias estaban negras. Aínda recordo os peixes mortos extendidos pola area. Naquel tempo eu tiña dezaseis anos.

Moitos de nós saíamos ás rúas a protestar. Ás veces non servía de nada, pero entón mantiñamos a ilusión.

Eu era fillo de mariñeiro, pero o meu pai non podía traballar no mar. As fábricas enlatadoras de peixe tampouco tiñan qué facer, e moita xente quedou sen traballo.

A miña avoa, que traballara dende moi nova cos seus pais no mar, só sabía dicir que aquilo era unha desgracia. Morreu sen poder levar con ela o recordo das súas praias limpas. Pobre avoa.

Tivemos que emigrar, pois os meus pais tiñan que manternos. Pasei a maior parte da miña vida fóra da nosa terra.

Agora volví ao meu lugar, e os recordos viñéronme á cabeza. Recordo cando a miña avoa me contaba que o mar intentaba falarnos. Un día recordo que me dixo: *O mar di que vai morrer, que non ten recursos, e que se non o axudan, nunca máis terá vida. Pídenos axuda, quere ter vida infinita para seguir a darnos de comer. Está a cambiar a súa cor para sempre. Tédelo que axudar, xa que eu non podo.*

O mar morre por dentro, ninguén o pode axudar.

A GUERRA VISTA POR ALUMN@S DE 3º DA ESO

Parece mentira que no século XXI, agora que presumimos tanto de ter unha sociedade tan avanzada e civilizada, haxa xente que apoie a guerra e a provoque, sen outros motivos reais que a ansiedade polo petróleo, ese ouro negro tan apreciado polos necios aos que só lles importan os asuntos económicos. Porque se nos paramos a pensar os motivos desta guerra, serían de chiste se o resultado non fose tan trágico como vimos. Nin tiñan armas químicas, nin mísiles de longo alcance nin nada, foi como matar formigas a cañonazos, e todo para facerse co control dun país e dominar unha zona importante polo petróleo.

No caso de controlar esta zona, os Estados Unidos provocarían a "democratización" dos países que a rodean, que pasarían a seren gobernados por persoas afíns aos intereses americanos, e daquela o Sr. Bush xa tería un poder absoluto sobre o Golfo Pérsico, algo que o seu pai non conseguiu na primeira guerra do Golfo.

Máis que unha redacción, esto é unha aclaración dos motivos desta guerra, e vai dirixida a todos aqueles que non se dan conta de que están a mentirnos e a xogar con nós.

Por iso digo unha vez máis : **NON Á GUERRA**

Alexandre Puga

3º ESO C

A guerra é unha matanza sen sentido, soamente o enriquecemento das grandes superpotencias. En España máis da metade da poboación reclama paz, e o único que quere a guerra é o goberno pero nós nesta guerra xogamos un papel minúsculo xa que ao presidente dos EE.UU o único que lle importa é a aprobación de España, porque de exército vai sobrado.

Esta guerra ten como finalidade devastar un país pobre e en vías de desenvolvemento, e expropiarlle o petróleo que contén, porque o sentido que Bush lle outorga: matar a Sadam Hussein ou liberar aos iraquís, xa estamos vendo que nin unha cousa nin outra.

Nesta guerra perdemos todos

Julio A. Villar 3º ESO D

Todo comezou no ano 1991 coa crise do Golfo Pérsico e George Bush (pai) que quería liberar aos iraquís.

Once anos despois, o seu fillo Gerge Bush (tamén) quere seguir os pasos do seu pai atacando Irak. El tamén quere liberalos dunha dictadura, dun inimigo chamado Sadam Hussein. Outra excusa é que Sadam ten armas de destrucción masiva e polo tanto é terrorista. Pero eu pregúntome se Sadam é terrorista por ter armas de destrucción masiva, ¿os EE.UU tamén son terroristas?

Porque ademais a guerra é ilegal, estase violando un mandato da ONU e inon se poden desobedecer normas internacionais!

¿E qué fan os demais países? Ou se alían, como o noso, ou fanse os disimulados. Por favor, ique está morrendo xente! O silencio é complicidade.

Iago Tallón

3º ESO D

Estadounidense, británica, española, incongruente, interesada, prepotente e sobre todo absurda e cruel é o que é esta guerra, que uns poucos decidiron empezar.

Nós non precisamos a alguén que nos salve dun dictador impoñendo a súa propia barbarie na linguaxe que só eles, e en especial o "señorito Bush", entenden: a linguaxe da violencia, da morte, é dicir, da guerra. Claro que Sadam Hussein é un gobernante que non é xusto co seu pobo, pero non resulta máis ameaza que a posición prepotentemente hexemónica de EE.UU no mundo. Creo que é de sentido común que un posible desastre causado por armas de destrucción masiva non se prevén cun desastre aínda maior onde morren civís inocentes cada día de guerra que pasa.

Está claro que no ataque sobre Irak hai outros motivos, como a avaricia de apoderarse das reservas petrolíferas do país.

Por outra parte está o desacordo case unánime do mundo fronte a esta inxusta guerra. En España, o 90% dos cidadáns declaráronse en contra da guerra en Irak; pero a pesar de que esta enorme maioría protestaba nas rúas, os actores nos seus actos, os periodistas nos seus programas e periódicos, o goberno do PP facía oídos xordos á opinión cidadá e utilizaba unha dura represalia contra os que non estaban de acordo con eles.

Para rematar, gustariame loubar a valentía dos países que declararon o seu rotundo NON a un ataque sobre Irak (Francia, China, Rusia, Alemania...) manifesto o meu rexeitamento fronte aos que cren que unha guerra deste tipo e de calquera outro ten algunha xustificación (por moi pequena que sexa).

Expreso o meu asco ao noso goberno que non nos fai caso en ningún tema e que impón a forza bruta contra os manifestantes pacíficos e que os desprestixia resaltando feitos illados duns poucos que non saben controlar a súa ira. Por último, dende o meu humilde folio pido que esta guerra absurda remate canto antes cos menos mortos posibles e grito en voz alta e clara.

¡¡¡NON Á GUERRA!!!

Gabriela Abelenda

3º ESO D

AS NOSAS ACTIVIDADES

ENTROIDO

Bastante participación e pouca imaxinación é o resumo do entroido deste ano.

Aquí tedes algunhas mostras:



EXCURSIÓN A ANDORRA

Tan numerosa foi este ano a excursión da neve, que tivemos que levar dous autobuses. Pasárono moi ben, como sempre acontece nesta actividade.

Foi inesquecible para moitos, e o ano que vén, ¡VOLVEMOS!



PARÍS

A excursión a París foi estupenda. O mesmo hai que dicir dos alumnos e alumnas que participaron nela. A nosa felicitación polo seu comportamento. Os maiores ocupáronse dos pequenos, e os pequenos disfrutaron moitísimo cos maiores.



LISBOA

Durante catro días os alumn@s de 2º de Bacharelato visitaron Lisboa e os seus arredores. É unha lástima que esta excursión non teña máis adeptos. Aínda quedan prexuízos sobre o país veciño. Os que foron seguro que repetirían.



TRES DÍAS EN MANZANEDA.

¡Qué ben o pasamos en Manzaneda!. Polo menos eu ben. É ben certo que podía ser moito mellor, pero estivo ben.

Fastidioume un pouco non poder montar a cabalo, e o do rocódromo..., mira que estando de penúltima non me deixaran subir por pasar un pouco da hora...aah...e o frío. Tan forte que chovía, ata granizaba, e o vento tan forte que tiraba para atrás, e nós na rúa, a poñernos coma pitos.

Polo menos as actividades que eu fixen estiveron moi ben. O sendeirismo, a orientación...!ah! e os karts, foron o máis divertido.

Ó final durmimos nos bungalows. ¡Que bonitos e acolledores!. Eran máis quentiños...Eu un día durmín nun e outro día noutro porque as da miña habitación non paraban de discutir pola chave. Paseino mellor a segunda noite no bungalow das de "B" e "A".

Con tanta actividade e tanto movemento, á hora de comer daba igual o que houbera que papar. Había fame e iso era o que contaba, matar o gusaniño. Un día comemos lomo con patacas fritidas e un San Xacobo de cea, outro non sei que de comida e unha salchicha e un anaco de pizza na cea, e o último día comemos sopa e un prato de polo con arroz á cubana. Tódolos días almorzamos leite con "Nesquik" e galletas, tostadas, pan,...o que che petara.

Os monitores eran bastante simpáticos e contestábanche ás preguntas sen dificultades. Tamén che rifaban se non ías preparado coa vestimenta axeitada, je,je.

O terceiro día pola mañá estaba nevando, e se nos viran os nosos pais en pixama saltando na neve... nin che conto. Logo os que tiveran pantalón de auga subían ás telesillas o os que non, facían sales aromáticas. A min deixáronme un pantalón de auga e fun xogar á neve, paseino extremadamente ben.

Hai moito máis que contar pero téñolle que ir mercar un agasallo á miña nai querida.

ALEJANDRA CRAIG

1º ESO C

O OBRADOIRO DE MATEMÁTICAS

Un día, o xefe de estudos do instituto Alexandre Bóveda e o noso profesor do obradoiro de matemáticas fixéronos unha proba a todos os que quixeran ir a un obradoiro de matemáticas no instituto. Foron escollidas as tres persoas que sacaron as notas máis altas.

No obradoiro de matemáticas facemos moitas cousas, dende contas ata problemas de razoar, xogos con regletas e bloques, etc.

O noso profesor ten moita imaxinación, explícanos as cousas como se foran xogos e nós divertímonos moito ao tempo que aprendemos cousas novas. Aos nosos pais tamén lle parece ésta unha actividade educativa moi boa.

Ademais de ensinarnos, neste obradoiro tamén nos preparan para unha "Olimpíada matemática". A primeira fase celebrarase en Vigo, no instituto, e competiremos todos os grupos dos obradoiros. Os que gañen irán a Coruña e competirán con equipos de toda Galicia.

¡Sorte aos outros grupos, e ao noso tamén!

As diablasas das "Mates"

...E as Matemáticas!!

Cada mañá erguémonos coa "ilusión" de ir ao cole, aínda que ás veces máis ben é a "obligación". Uns días son mellores que outros, dependendo das asignaturas que toquen, e, sobre todo, dos profes.

A mellor asignatura para nós son as matemáticas. Son divertidas, interesantes, curiosas, entretidas... e sempre hai algo novo que aprender. Como sacamos moi boas notas, este ano tivemos como recompensa a oportunidade de asistir a un cursiño extraescolar de matemáticas. É unha gran experiencia, porque ademais de desenvolver a nosa intelixencia, coller rapidez e desenvolver a lóxica, pasamos un rato moi divertido.

Nestas clases, unha vez á semana, compartimos espacio, tempo e diversión con nenos doutros colexios de Vigo, e a convivencia é o mellor. Cómpre dicir que, se o profesor non fose tan ameno, non nos gustaría tanto o cursiño, pero así sen darnos conta, aprendemos un montón de cousas. Na nosa opinión, debería haber máis actividades deste tipo, porque son moi boas para buscarlle a parte divertida aos estudos.

¡Apuntámonos!

Sara Collazo, Lorena Durán e Rosalía Fernández

O BESBELLO MATEMÁTICO

Temos este ano uns besbellos matemáticos moi activos e moi listos. Algúns destes besbellos veñen de 6º de Primaria dos Centros adscritos e traballan as matemáticas con Paco e con Fernando. Traballan, divírtense e de vez en cando preséntanse a concursos como a Olimpiada Matemática, o Rebumbio e o Rallye. E non lles está saíndo nada mal, de momento na Olimpiada Matemática para 2º da ESO:

1º premio Marta López Caamaño

Tres alumnos máis quedaron entre os 35 primeiros e acadaron un premio.

¡PARABÉNS PARA TODOS!

**¡SORTE A MARTA QUE VAI
COMPETIR NA OLIMPIADA ESTATAL !**

UXÍA BLANCO VISITA O NOSO CENTRO

O venres 25 de abril, a actriz galega Uxía Blanco visitou o instituto. Houbo un coloquio despois de visionar algunhas escenas das súas películas. Acudiron alumn@s de 4º ESO C e 1º Bach. C



CENTENARIO DE ALEXANDRE BÓVEDA

Estamos a celebrar este ano o centenario do nacemento de Alexandre Bóveda, e facémolo con diferentes actividades:










- Traballos sobre a súa figura
- Ofrenda floral no cemiterio de San Mauro o 21 de maio
- Conferencia sobre a súa vida e obra o día 4 de xuño

PÁXINA WEB E BESBELLO DIXITAL

Postos a celebrar, hai outra cousa máis, a creación da páxina web do insti. Aínda se está a traballar nela, pero xa vos poñemos o enderezo para que a visitedes: <http://centros.edu.xunta.es/iesalexandreboveda> .i Non vos esquezades de poñela na vosa lista de favoritos de Internet!

Dentro da páxina, entre outras moitas cousas, hai unha sección adicada ao Besbello, que a partir de agora tamén se fará dixital para ir cos tempos que corren.



-  información xeral
-  oferta educativa
-  o besbello saltón
-  _departamentos
-  orientación
-  álbum de fotos
-  normaliz. lingüística
-  activ. extraescolares
-  avisos e novas